

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Ampliación dos horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización das actividades recreativas durante as Festas do Nadal 2025

ANTECEDENTES

Vista a Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos o público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e de actividade recreativas, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo publicada no DOG nº 219 con data 30 de outubro de 2020 a, de acordo o Artigo 9. Ampliacións de horarios de dita orden que textualmente di:

- 1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.*
- 2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*
- 3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.*
- 4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*
- 5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas..../..."*

FUNDAMENTACIÓN

Ley 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

actividades recreativas.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Ampliar en dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos do termo municipal do Concello de Rianxo abertos ao público, así como a finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas durante a celebración das Festas do Nadal, os días 20, 24, 26, 27, 31 de decembro de 2025 e 2, 3 e 5 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO

Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web deste Concello.

TERCEIRO

Dar conta desta Resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).